

18.3. Os certificados correspondentes aos niveis básico A1, básico A2 e intermedio B1, así como os certificados de competencias parciais, serán emitidos polas EOI. Estas expedirán, ademais, as certificacións académicas dos idiomas que impartan para o alumnado de todos os cursos non finais de nivel.

#### 19. Certificación de aproveitamento doutros cursos.

19.1. A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico da/do alumna/o, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nos cursos establecidos neste punto.

19.2. A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apta/o ou non apta/o.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2024

María Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional

### ANEXO I

#### Accesos directos por titulación

##### Español como lingua estranxeira.

Titulación, diploma ou certificado	Accede a
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel A1 dos centros de linguas das universidades galegas</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A1</li> </ul>	Básico A2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel A2 (básico)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel A2 dos centros de linguas das universidades galegas</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A2</li> </ul>	Intermedio B1
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel inicial</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B1</li> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B1 (intermedio)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B1</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel B1 dos centros de linguas das universidades galegas</li> </ul>	Intermedio B2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel intermedio</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B2</li> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B2 (avanzado)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel B2, C1 ou C2 dos centros de linguas das universidades galegas</li> </ul>	Avanzado C1

CVE-DOG: xcvuoto3-cnq5-ddd2-imr0-qjhxrr9h40



Titulación, diploma ou certificado	Accede a
<ul style="list-style-type: none"> <li>Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel superior</li> <li>Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C1</li> <li>Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C2</li> <li>Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles C1 e C2</li> </ul>	Avanzado C2

**Galego.**

Titulación, diploma ou certificado	Accede a
<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso de iniciación de lingua galega</li> </ul>	Básico A2
<ul style="list-style-type: none"> <li>UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Galego nivel A2 (básico)</li> <li>Celga 1</li> </ul>	Intermedio B1
<ul style="list-style-type: none"> <li>UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Galego nivel B1 (intermedio)</li> <li>Celga 2</li> </ul>	Intermedio B2
<ul style="list-style-type: none"> <li>Diplomatura en maxisterio con materias de lingua galega</li> <li>Licenciatura en calquera filoloxía con materias de lingua galega</li> <li>Licenciatura en xornalismo con materias de lingua galega</li> <li>Curso de especialización de lingua galega</li> <li>Curso de perfeccionamento de lingua galega</li> <li>Celga 3</li> </ul>	Avanzado C1
<ul style="list-style-type: none"> <li>UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) galego nivel C1 (superior)</li> <li>Licenciatura en filoloxía galega ou galego-portuguesa</li> <li>Licenciatura en filoloxía portuguesa</li> <li>Licenciatura en tradución e interpretación (galego lingua A)</li> <li>Celga 4</li> </ul>	Avanzado C2

**ANEXO II**
**Procedemento de matriculación: fase previa**
**1. Alumnado oficial matriculado no curso 2023/24.**
**a) Acceso ao sistema.**

O acceso á matriculación en liña realizarase desde a plataforma Centrosnet no enderezo que cada centro ten asignado. Habilitarase tamén unha entrada xenérica para que se poida acceder a calquera centro desde unha mesma ligazón:

<https://www.informaticacentros.com/xunta>

**b) Identificación do alumnado.**

O alumnado oficial do curso 2023/24 xa ten acceso a Centrosnet, polo que accederá á aplicación de matrícula utilizando o usuario e o contrasinal que posúe (en caso de dúbida, consulte coa escola).

